



## PREGUNTA ORAL SOBRE O CONTROL E AS AUTORIZACIÓNS DE ACTOS NA CASA DA XUVENTUDE

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A opacidade e a aparente administración desleal co interese xeral dun edificio público (coa pretendida coartada da "autoxestión") están a caracterizar a conducta do Goberno municipal en relación coa apertura e funcionamento da Casa da Xuventude, malia as diversas iniciativas presentadas polo Grupo Popular a fin de transparentar o uso deste inmoble municipal.

Cando aínda se atopan sen aclarar moitos aspectos relativos ao uso da Casa, recentemente xorde unha nova que incide aínda máis na presumible apropiación ou cesión ilegal dun edificio municipal, posto que, ao parecer, e por parte dos supostos "xestores" da Casa de Xuventude, se tería denegado unha solicitude para utilizar estas instalacións públicas (e iso, con independencia de que a solicitante actuara en nome propio ou en nome dunha terceira entidade; isa non é a cuestión). Ante tal denegación, sorprende que o Goberno municipal se manteña á marxe de actos notorios e presumiblemente ilexítimos de dominio privado dun ben público.

Por todo o anterior, fórmulase a seguinte pregunta:

***Quen -e en virtude de que soporte legal- controla e autoriza o uso habitual e as solicitudes para o uso ocasional das instalacións da Casa da Xuventude e cantas actividades se teñen autorizado e denegado ao longo do actual mandato para seren realizadas nese lugar e consonte a qué criterios?.***

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Alejandro S Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Popular